



ECO-POEMAS ADEGA

PARA REIVINDICAR CON POESÍA O DÍA DA TERRA



*És tu mãe quem respira?
Ou são queixas que saem da tua entranha?
É o bafo morno do teu peito
Aquele exalo doente que eu sento?
(Do poema Mae Terra de Adela Figueroa)*

O FORMATO

En vídeo: grabado en horizontal cunha duración máxima dun minuto. Ou escrito: cunha lonxitude máxima de unha carilla. Debes indicarnos o título e autor/a.

DATA LÍMITE

Podes enviar os teus poemas antes do 20 de abril

A ONDE

Whatsapp: 686701344
Telegram: 677800293
Correo electrónico: adega@adega.gal

O DÍA DA TERRA

Como sabes, o vindeiro mércores, 22 de abril é o Día da Terra celebrado a nivel mundial. Para celebralo, ADEGA propón facelo con poesía! E para iso necesitamos da túa axuda.

Como podes colaborar? Podes enviar un vídeo cun recitado dalgún eco-poema ou poema de temática ecoloxista ou dedicado á Nai Terra. Non poderá superar 1 minuto de duración. Pode ser da vosa autoría ou doutro/a autor.

O recitado sería en tres fases:

Primeira: farás o aceno de recoller o papel co poema coa man dereita dalgúen que estea fóra de cámara.

Segunda: lectura do eco-poema (máx. 1 minuto).

Terceira: tras a lectura, pasar o papel coa túa man esquerda a outra persoa que cho recolla fóra de cámara.

O día 22 de abril, todos os poemas recibidos serán publicados nas redes sociais de ADEGA.

Ánimo cos vosos eco-poemas dedicados a nosa mãe Terra!